Escrito por Redaccion @valminorinfo
Sábado, 18 Outubro 2014 12:23



A estación de arte rupestre coñecida como Santa Lucía en Vincios, Gondomar, atópase gravemente afectada por unha serie de intervencións nos terreos do perímetro de protección do xacemento así como o depósito de grandes bloques de granito enriba de varias das laxes gravadas. O estado da estación non permite visualizar se os petróglifos aínda existen, se foron deturpados ou atópanse agochados debaixo dos bloques. Ante esta agresión o Instituto de Estudos Miñoranos presentou este venres denuncia administrativa ante o Concello de Gondomar e a Xunta de Galicia, e presentou un escrito e probas documentais ante a Garda Civil para que o traslade ao ámbito xudicial.





